

*DON JOSÉ MARIA BAÑOS CAMPO SECRETARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)*

### **CERTIFICA**

Que a Xunta de Goberno Local de 17 de xullo de 2017 en sesión ordinaria adoptou entre outros o seguinte acordo:

### **“5.- CONTRATACIÓN E SERVIZOS**

#### **A) CONTRATACIÓN.**

#### **A3. CONTRATACIÓN XI CAMPUS DE FUTBOL CIDADE DE MONFORTE COA FUNDACIÓN CELTA DE VIGO POR IMPORTE DE 6.840,00€.**

Visto o informe do Técnico de Deportes de 10/07/17 e a Providencia da Concellería Delegada competente de data 13/07/17, faise constar que:

1º.- De conformidade co establecido no artigo 138 do RD. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), a denominación de contratos menores, o é en consideración ao seu importe, que ten que ser inferior a 50.000 euros (IVE aparte), cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos.

2º.- O artigo 10 TRLCSP, precisa que *“son contratos de servicios aquellos cuyo objeto son prestaciones de hacer consistentes en el desarrollo de una actividad o dirigidas a la obtención de un resultado distinto a una obra o un suministro, categorías enumeradas en el Anexo II.”*

3º.- Nos contratos menores, artigo 111 TRLCSP, establécese que só se esixirá a aprobación do gasto e a factura correspondente expedida conforme á normativa vixente.

Porén, o Concello de Monforte de Lemos na base 33ª das de execución do orzamento do Concello, referida aos gastos menores, dispón que *“Cando a contía sexa superior a 1.000 euros e inferior a 18.000 euros, o expediente conterà unha proposta de adquisición razoada, detallada e valorada, debendo acreditarse a consulta a tres empresas, polo menos, salvo que resultase imposible ou inconveniente por razóns que deberán acreditarse no expediente”*. Neste senso, no expediente xustificase a inconveniencia de formular consulta a tres empresas capacitadas tanto na Providencia de alcaldía do 13/07/17 como no Informe do Técnico de Deportes de 10/07/17, neste último caso, nos seguintes termos.-

*“Dentro da planificación anual da Concellería de Deportes do Concello de Monforte, o Programa Deportivo de Verán e un dos programas con máis éxito dos que se organización ó longo do ano.*

*Entre outras moitas actividades unha das que máis éxito ten entre todos os participantes e o Campus de Fútbol, que tradicionalmente se organiza na primeira semana do mes de agosto de cada ano.*

*Esta actividade, de igual xeito que o fan o resto de actividades que compoñen o Programa Deportivo de Verán, ademais de tratar de cubrir a demanda de actividades deportivas entre a poboación durante a época de verán, trata de contribuír a que as familias concilien a súa vida laboral e familiar en épocas nas que os cativos non teñen escola.*

*Por estes motivos e dada a gran masa social que move o fútbol no noso país e polo tanto na nosa vila, temos interese en que esta actividade sexa organizada por un Club de Fútbol do máximo nivel posible, de aí que se escollera á Fundación Celta de Vigo para a súa organización. A Fundación Celta de Vigo conta cunha gran experiencia na organización de Campus de Fútbol, tendo previsto organizar na Comunidade Autónoma Galega máis de 21 Campus no verán de 2017”.*

4º.- Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos (art. 23 ex. art. 89 TRLCSP).

Neste senso, dende o Servizo de Contratación e observando que se trata dunha actividade que se vén desenvolvendo dende hai varios anos, convén advertir que a adxudicación mediante contratos menores sucesivos de servizos para responder a necesidades de carácter recorrente, periódico ou permanente, non é o mecanismo máis axeitado e conforme coa normativa de contratación pública.

5º.- A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, atribúese ao Alcalde, sempre que o importe do contrato non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento. Se se supera a referida porcentaxe a competencia corresponderá ao Pleno. No entanto, e de conformidade co Decreto de Alcaldía de 18.06.2015, dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Por canto antecede, a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte

#### ACORDO

**PRIMEIRO: APROBAR** o gasto correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria 341.226.09 do orzamento xeral para o ano 2017.

**SEGUNDO: ADXUDICAR**, por “contrato menor”, á entidade Fundación Celta de Vigo con CIF. G-36810042 e/r D. Manuel Carlos Mouriño Atanes, con DNI. 35921669-Q o servizo de Organización do XI Campus Fútbol Cidade de Monforte polo importe de 6.840,00 € (IVE 21% incluído), segundo orzamento que achega (NRE. 2017/10061), dende o 31 de xullo ó 4 de agosto de 2017 en horario de 10:00 a 13:00 horas e para un número máximo de 100 prazas ofertadas.”

E para que así conste e coa advertencia prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos a dezoito de xullo de 2017.

Vº e Pce.  
O ALCALDE

José Tomé Roca

